



## CONVOCATORIA DOS VII PREMIOS BIOGA

O Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida BIOGA, convoca os **VII PREMIOS BIOGA**, patrocinados pola Axencia Galega de Innovación (Gain), incentivando a posta en marcha de iniciativas empresarias dos mozos/as galegos/as e o recoñecemento de empresas competitivas do tecido empresarial galego no eido biotecnolóxico e das ciencias da vida.

Os premios serán convocados a partir do 14 de outubro, na páxina oficial [www.bioga.org](http://www.bioga.org) e redes sociais de Bioga, así como a través de e-mail cos contactos da base de datos do Cluster, onde se detallarán os requisitos para optar a dita candidatura.

### Obxectivos

Os obxectivos destes premios son:

- Recoñecer a labor das empresas pioneiras no sector das Ciencias da Vida.
- Valorar e promover o talento dos emprendedores.

### Modalidades

Haberá 3 modalidades ás que as empresas poderán optar:

- **Premio á empresa biotech más competitiva** para aquelas empresas cunha traxectoria empresarial consolidada nos últimos anos e con logros biotecnolóxicos destacados.
- **Premio á mellor idea de empresa biotech** para proxectos innovadores ou empresas de recente creación (menos de 24 meses) e visión de futuro que nazan da transferencia de resultados de investigación, ou de calquer outra tecnoloxía no eido das Ciencias da Vida de Galicia.
- **Premio á empresa biotech más innovadora** para aquellas empresas (constituidas hai máis de 24 meses) que aposten pola xeración de valor no mercado a través da innovación, sexa mellorando os produtos ou servizos, a eficiencia dos procesos ou logrando mellor capitalización como resultado das innovacións desenvolvidas.

### O premio

As modalidades de "Mellor Idea de Empresa Biotech" e "Empresa Biotech más Innovadora" terán unha dotación económica máxima de 3.000 euros cada unha e que se deberán empregar para a reinversión no proxecto ou empresa do que resultou gañador.

## **Xurado**

Un xurado, formado pola Xunta Directiva de Bioga, unha persoa representante da Universidade de Santiago de Compostela, un representante das Fundacións Biomédicas de Galicia, un representante da Axencia Galega de Innovación (Gain) e os gañadores na edición anterior (Nanoimmunotech e Phycosem Marine Agronomy), será o encargado de elixir as empresas premiadas entre as candidaturas recibidas. A decisión deste será inapelable.

## **Entrega dos premios**

Os premios entregaranse nun acto público do sector Bio e das Ciencias da Vida de Galicia, na data e lugar previamente comunicadas pola organización de Bioga.

Farase entrega dun galardón co cal os afortunados gozarán dun recoñecemento de honra, servizo de comunicación e disposición de espazo publicitario na páxina web (permanentemente ao longo de todo 2020) e newsletter de Bioga gratuíto.

## **BASES PREMIO Á EMPRESA BIOTECH MÁIS COMPETITIVA 2019**

O obxectivo deste premio é gratificar e recoñecer a labor das empresas que desenvolven a súa labor no eido biotecnolóxico facéndose más competitivas na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Empresas que poden optar á candidatura:**

- Socias e colaboradoras de Bioga.
- Que a actividade empresarial leve en funcionamento máis de 2 anos.
- Deberán ter o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que actualmente a súa actividade produtiva ou comercial estea involucrada coa Biotecnoloxía ou Ciencias da Vida.

### **Que información presentar**

Para presentar a candidatura aos premios deberase cumplimentar o formulario aloxado na páxina <https://premios.bioga.org/>.

O formulario creado para cada candidatura inclúe:

- Unha breve descripción da evolución da empresa dende a súa constitución ata o momento actual.
- Descripción dos produtos, servizos e proxectos consolidados que fan á empresa más competitiva.
- Información adicional: Aspectos característicos que se queiran destacar en referencia a equipo de traballo, instalacións, localización, outras actividades, etc.

### **Documentación e Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto dende **o 14 de outubro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019 ás 14:00 horas.**

Os gañadores de edicións anteriores non poderán presentarse á mesma candidatura da que resultaron premiados.

## **Criterios de Valoración**

Un xurado formado por expertos empresariais e institucionais do sector biotecnolóxico elixirán a empresa bio máis competitiva en función dos seguintes criterios:

- Produtos e servizos destacados
- Logros acadados
- Grado de innovación
- Evolución e perspectivas de futuro
- Exposición do proxecto empresarial ante o xurado

A decisión do xurado será inapelable.

## **Entrega do Premio:**

Realizarase un acto público na cidade de Santiago de Compostela, con asistentes do eido biotecnolóxico, institucional e administrativo onde se fará entrega do premio á empresa gañadora.

## **BASES PREMIO Á EMPRESA BIOTECH MÁIS INNOVADORA 2019**

Este premio vai ligado ás empresas constituidas hai más de 2 anos e que aposten pola xeración de valor no mercado a través da innovación. Búscase premiar a capacidade de innovación á hora de mellorar os produtos ou servizos, a eficiencia dos procesos ou logrando mellor capitalización como resultado das innovacións desenvolvidas.

## **Empresas que poden optar á candidatura:**

- Socias e colaboradoras de Bioga.
- Que a actividade empresarial leve en funcionamento máis de 2 anos.
- Deberán ter o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que actualmente a súa actividade produtiva ou comercial estea involucrada coa Biotecnoloxía ou Ciencias da Vida.

## **Que información presentar**

Para presentar a candidatura aos premios deberase cumplimentar o formulario aloxado na páxina <https://premios.bioga.org/>.

O formulario creado para cada candidatura inclúe:

- Unha breve descripción da empresa e mercado ao que se dirixe.
- Descripción dos produtos, servizos e proxectos destacados que se queran levar a cabo ou xa se están desenvolvendo.
- Persoas que forman parte do proxecto.
- Información adicional: Perspectiva de crecemento (que se espera realizar ou acadar no 2020), localización, instalacións, etc.

## **Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto dende **o 14 de outubro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019 ás 14:00 horas.**

## **Criterios de Valoración:**

Un xurado formado por expertos empresariais e institucionais do sector biotecnolóxico elixirán a empresa biotech máis innovadora en función dos seguintes criterios:

- Aliñamento con algúns dos subsectores de aplicación da Estratexia de Impulso á biotecnoloxía.
- Porcentaxe de facturación destinado a gasto interno en I+D+i.
- Impacto e potencial: capacidade para crecer e xerar un cambio importante no sector biotech ou na sociedade.
- Perspectiva de crecemento.
- Grado de dixitalización aplicada á cadea de valor da biotecnoloxía.
- Exposición do proxecto empresarial ante o xurado o día 27 de novembro de 2019

A decisión do xurado será inapelable.

## **Entrega do Premio:**

Realizarase un acto público na cidade de Santiago de Compostela, con asistentes do eido biotecnolóxico, institucional e administrativo onde se fará entrega do premio á empresa gañadora.

## **BASES PREMIO Á MELLOR IDEA DE EMPRESA BIOTECH 2019**

Este premio vai ligado ao emprendemento en busca de plans de negocio convincentes que estean en proxecto ou empresas de recente creación, inferior a 2 anos de actividade, que se constituísen con data posterior a 01/01/2017. Búscase premiar a motivación e a capacidade dos emprendedores de conseguir feitos relevantes nas primeiras etapas da empresa.

## **Ideas de empresa que poden optar á candidatura:**

- Proxectos de empresa ou empresas de recente creación inferior a 2 anos de actividade empresarial.
- Con domicilio social en Galicia.
- Socias e colaboradoras de Bioga.
- Que actualmente o plan de negocio estea involucrado coa Biotecnoloxía ou Ciencias da Vida.

## **Que información presentar**

Para presentar a candidatura aos premios deberase cumplimentar o formulario aloxado na páxina <https://premios.bioga.org/>.

O formulario creado para cada candidatura inclúe:

- Unha breve descripción do plan de negocio.
- Descripción dos produtos, servizos e proxectos destacados que se queren levar a cabo ou xa se están desenvolvendo.
- Persoas que forman parte do proxecto.
- Información adicional: Visión de futuro a curto prazo (que se espera realizar ou acadar no 2020), localización, instalacións, etc.

## **Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto dende o 14 de outubro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019 ás 14:00 horas.

## **Criterios de Valoración:**

Un xurado formado por expertos empresariais e institucionais do sector biotecnolóxico elixirán a mellor idea bio en función dos seguintes criterios:

- Produtos e/ou servizos do plan de negocio.
- Grado de implicación coa biotecnoloxía e as ciencias da vida.
- Grado de innovación.
- Visión de futuro.
- Exposición do proxecto empresarial ante o xurado.

A decisión do xurado será inapelable.

## **Entrega do Premio:**

Realizarase un acto público na cidade de Santiago de Compostela, con asistentes do eido biotecnolóxico, institucional e administrativo onde se fará entrega do premio á empresa gañadora.

O feito de participar nos Premios supón a aceptación das presentes bases por parte do candidato. Bioga reservase o dereito de efectuar calquera cambio, aclaración ou rectificación das Bases Legais, sempre facendo públicos ditos cambios coa mesma publicidade que se lle dea ás presentes bases.

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Bioga con domicilio en Cebreiro s/n 15823 O Pino (A Coruña), informa que os datos dos participantes pasarán a formar parte da Base de datos do Cluster coa finalidade de posibilitar a participación en "Premio á empresa bio máis competitiva 2019", "Premio á mellor idea empresarial biotech 2019" e "Premio á empresa biotech máis innovadora 2019" de conformidade co disposto nas Bases Legais.

Así mesmo, os premiados autorizan a comunicación dos seus datos ás entidades colaboradoras de Bioga para posibilitar a entrega do premio así como a outros partners que puideran formar parte da presente promoción co fin descrito.